

CASCO ANTIGO		Parte da cidade urbanizada desde a súa orixe ata a industrialización do s.XIX		
		Plano	Trama e edificación	Usos do solo/ Grupos soc.
ÉPOCA PREINDUSTRIAL	Orixe	- amurallada - soe ser irregular, pero tamén radiocéntrico... - rúas estreitas e tortuosas...	- compacta e cerrada... - casas unifamiliares, de baixa altura... + edificios públicos: igrexas, pazos...	- diversos: residenciais, artesanais, comerciais... - certa especialización por barrios... - coexisten dif. grupos sociais...
	Reformas posteriores	s.XVI-XVII: - apertura de Prazas Maiores das que parten rúas maiores máis rectilíneas... - medran barrios extramuros... s.XVIII: - créanse rúas amplas e rectas, grandes prazas, xardíns... - novos barrios...	- os edificios públicos ocupan esas Prazas... - teñen fachadas uniformes, espazo de respecto... - edificios monumentais relixiosos e civís - mellora das infraestruturas de abastecemento e hixiene	
		- reformas nos sectores máis valorados: - elimínase a tortuosidade co ensanchamento de rúas e con prazas rectilíneas - construción de Grandes Vías modificando o casco vello ou unindo este co ensanche ou a estación - nas zonas máis degradadas: inicio de gran deterioro	- densifícase para aproveitar o espazo. - edificación verticalízase: vivendas colectivas, en altura... - mestura de estilo históricos na construción e tamén materiais novos: ferro...	- progresiva terciarización que despraza á función residencial - rúas e edificios renovados ou reutilizados pasan a ser sede de deputacións, cuarteis, hospitais...
		- revalorización do solo abrindo novas rúas, modificando trazado...: danos ao patrimonio!	- maior densificación e verticalización - estilo moderno na construción: danos ao patrimonio!	- consolidación do casco vello como CBD, que nas cidades grandes se vai trasladando cara ao ensanche...; xorden problemas de saturación e contaminación - gran segregación social: agudízase o deterioro dos barrios degradados e ocupados por grupos sociais humildes ou marxinais e os barrios de prestixio, ocupados progresivamente por grupos de + renda
		- nos sectores máis valorados: rúas peatonais, axardínanse e ensánchase as prazas...	- concédense axudas para a construción de vivendas novas ou rehabilitación de edificios que son ocupados por grupos de gran poder adquisitivo - recuperación de edificios históricos: cambio de función	- especialización en usos terciarios
		- seguen existindo zonas moi degradadas	- gran deterioro e marxinalidade en zonas ocupadas por grupos de escasos ingresos	- en ocasións perden uso tradicional de pequenos comercio ou talleres e instálanse outros: “ocio degradado”
	Políticas de rehabilitación que pretenden conservar e revitalizar o casco vello, evitando a especulación, pero tamén o excesivo conservadurismo... coa intención de recuperar os usos comerciais tradicionais e o uso cultural e turístico, ademais de corrixir a excesiva polarización social, recuperando a función residencial para as clases medias.			

CIDADE INDUSTRIAL		Entre ½ do s.XIX e 1º ⅓ do s.XX a industrialización atrae pob. ás cidades → crec. máis alá das murallas , que son derrubadas.		
		Plano	Trama e edificación	Usos do solo/ Grupos soc.
ENSANCHE BURGUEÉS	Orixe	<ul style="list-style-type: none"> - desaparece a muralla: bulevares ou paseo de rolda, - plano regular, en cuadrícula - rúas rectilíneas e anchas e avenidas diagonais... - hixiene: sumidoiros... -Ex: Barcelona- Ildefonso Cerdá- 1859 e Madrid -Carlos Mª de Castro- 1860 	<ul style="list-style-type: none"> - baixa densidade, quinteiroa amplos e abertos... - palacetes e vilas axardinadas ou inmobles de mediana altura de estilo historicista - nas zonas máis distantes do casco antigo: casa < tamaño e calidade 	<ul style="list-style-type: none"> - residencial burgués nos sectores + valorados - grupos sociais de menor nivel ocupan as áreas < valoradas e + distantes do casco vello ou nos faiados, sotos...
	Reformas posteriores	Pasa a ser o espazo central ao mellorar a súa accesibilidade grazas aos novos transportes...	<ul style="list-style-type: none"> - densifícase: os quinteiros rematan por ser construídos por todos os lados - levántanse edificios en espazos pensados para ser patios interiores ou parques. -a edificación verticalízase ... substitúense as vilas burguesas e casas de vivendas máis modestas por bloques de pisos, sobre todo na década de 1960. 	<ul style="list-style-type: none"> -comeza a recibir funcións terciarias, que provocan unha división: -área residencial e cara para a burguesía. - sector terciarizado, que se estende desde o centro histórico cara as rúas principais, dominado por comercios e oficinas. -Na actualidade, as zonas de maior accesibilidade son recuperadas con obras de modernización para seguir atraendo actividades terciarias
As instalacións industriais creadas no s. XIX e os traballadores emigrados á cidade establécense na periferia urbana daquel momento, máis alá do ensanche e do casco vello. Así, nas principais vías de acceso á cidade, preto da estación do ferrocarril, van nacemento fábricas, talleres, almacéns, ...entre os que medran os barrios obreiros proletarios				
		- Plano desorganizado , xa que xorden de parcelamentos privados e incontrolado do solo rústico da periferia urbana.	- Trama pechada e densa e na edificación inclúense vivendas de escasa calidade, pequenas, unifamiliares ou en pisos. - As infraestruturas de transporte, os servizos e os equipamentos (electricidade, alcantarillado...) son escasos: os barrios convértense en foco de enfermidades infecciosas, descontento social, e sofren un progresivo deterioro...	-Os usos do solo mesturan tanto funcións residenciais nas vivendas obreiras, como funcións industriais nas fábricas e talleres, almacéns...
<p>Co paso do tempo eses barrrios quedan incorporados á cidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -nas áreas industriais máis apreciadas: recualificación do solo: atraen usos terciarios ou residenciais de > renda, as menos apreciadas: progresivo deterioro- necesario políticas de renovación. - os barrios obreiros sucede o mesmo: os máis valorados... 				
BARRIOS -XARDÍN	<ul style="list-style-type: none"> -Nacen na periferia ou nos arredores do ensanche tras a difusión de ideas naturalistas e a posta en marcha da Lei de Casas Baratas de 1911. - Pretendían crear barrios de vivendas unifamiliares con xardín ou vivendas colectivas de 2-3 andares, con patios comúns... - Pero a escasa rendibilidade para a iniciativa privada, levou a que moitos proxectos fracasaran e orientáronse cara ás clases medias, dando lugar a barrios-xardín de maior calidade. - Ex: Cidade Lineal de Arturo Soria, Madrid 			

PERIFERIA URBANA	É a franxa externa da cidade correspondente á expansión urbana entre o 1º terzo do s. XX e a actualidade.
1955-75	-Anos 50 e 60 → forte crecemento urbano debido ao gran crecemento demográfico e forte éxodo rural. -A periferia estendeuse de forma contigua á cidade ao longo dos principais eixes de transporte , formando unha área suburbana. Adoptou en xeral un modelo compacto ...

BARRIOS RESIDENCIAIS: diferente tipoloxía...

<p>Barrios marxinais de chabolas -Máx. expansión nos anos 50, nacen sobre solo ilegal, sen organización urbanística, vivendas sonautoconstruídas, con graves deficiencias, carecen de servizos elementais...</p>
<p>Barrios de vivendas de promoción oficial -Máx. expansión entre 1940 e 1960 → Creación de bloques de vivendas de promoción oficial ou protexidas (con axuda estatal e límite de prezo), un exemplo dos cales eran as Unidades Veciñais de Absorción*. - Barrios de trama aberta, con espazos libres entre as vivendas A edificación monótona, era de vivendas unifamiliares ou bloques, de baixa calidade e sen equipamentos nin servizos.</p>
<p>Polígonos de promoción privada -Nacen a partir de 1960. Son barrios de trama aberta, con edificios de bloques xeométricos ou torres colectivas en altura, con espazos abertos para xardíns ou aparcamentos e un trazado de rúas desordenado. Teñen función residencial, os comercios e as dotacións do barrio concéntranse en certas zonas. Pero estes barrios rematan sendo de altura e densidade excesiva e dan lugar a unha paisaxe urbana monótona de barrios colmea ou dormitorio.</p>

ÁREAS INDUSTRIAIS E DE EQUIPAMENTOS

<p>-Nas décadas de 1950 e 1960 créanse polígonos industriais xunto ás principais vías de acceso á cidade con planificación ou sen planificación, con instalacións que medran de forma desordeada, que supoñen problemas de atascos, contaminación, incomodidades...</p>
<p>- Os equipamentos son escasos e en moitos casos non desexados pola cidade central (cárceres, cemiterios, depura-doras...)</p>

Na actualidade, as políticas urbanísticas adoptaron medidas para mellorar esas áreas residenciais, industriais e de equipamento: - erradicación dos barrios de chabolas realoxando a súa poboación en vivendas sociais (construídas no mesmo barrio ou na nova periferia da cidade...). - rehabilitación de vivendas, parte dos barrios obreiros máis degradados ou cunha situación bastante cercana ao centro da cidade van desaparecendo e son substituídos por edificios nos que son realoxados ou seus habitantes ou mesmo ten lugar un proceso de xentrificación*. - dotación de equipamentos e servizos comerciais, sanitarios, escolares, deportivos... - rehabilitación de edificios e áreas industriais para acoller novos usos ou para favorecer a implantación de novas empresas. - mellora das comunicacións coa cidade central e entre as áreas periféricas.

Desde 1975	As cidades reducen o seu ritmo de crecemento. Non obstante, a expansión da periferia urbana continúa estendéndose máis alá do continuo edificado, por unha franxa periurbana, de límites imprecisos entre o campo e a cidade . Adopta un modelo disperso , coñecido como “cidade difusa” ...
-------------------	--

ÁREAS RESIDENCIAIS: de baixa densidade

<p>Barrios de quinceiro pechado -Nacen a partir de 1980 e 1990. Os quinceiros presentan trama pechada, cunha menor densidade e altura que os construídos en décadas pasadas. O patio ten uso colectivo, ben privado (xardíns, piscinas, parques infantís...) ou ben público (prazas).</p>
<p>Áreas de vivenda unifamiliar -Nacen na periferia urbana a partir da década de 1980, coincidindo co incremento do uso do coche. Trama aberta, con edificación individual en vivendas exentas ou acaroadas. Uso do solo fundamentalmente residencial, aínda que preto existen servizos de consumo e de ocio, como superficies comerciais, parques recreativos, multicines.... Socialmente acollen a clases medias, que buscan o contacto coa natureza.</p>

ÁREAS INDUSTRIAIS E DE EQUIPAMENTOS: buscan solo barato e amplos espazos

<p>-Nas últimas décadas créanse na periferia novos espazos industriais: nas de menor calidade aséntanse polígonos de naves acaroadas e nas de maior calidade instálanse parques empresariais e tecnolóxicos.</p>
<p>-Nas últimas décadas xunto ás estradas de saída da cidade van instalándose novos equipamentos: superficies comerciais, centros educativos, infraestruturas sanitarias, centros administrativos, servizos deportivos...</p>